


# Moodle: 2ª Sesión:

## Apuntes segunda sesión:

1. Introducción de imaxes: Para introducir imaxes na aula virtual primeiro temos que seleccionar unha das formas de introducir texto. Por exemplo, podemos seleccionar etiqueta. Cando a seleccionamos se nos abre o editor. Para meter a imaxe pinchamos na icona da paisaxe e se nos abre a ferramenta para introducir imaxes.



Ahí temos que pinchar en examinar, buscamos a imaxe no ordenador e logo, cando xa a temos seleccionada, pinchamos en cargar. Nos vai a aparecer na ventana branca. Pinchamos no seu nome e temos que acordarnos de poñerlle un nome en “alternar texto”. E xa o temos, dámoslle a aceptar e listo.


2.O seguinte tema que tocamos foi o de incluír

varias imaxes nunha taboa. Unha vez feito isto, pasamos a elaborar un **cuestionario**.

3. Para elaborar un cuestionario primeiro temos que facer as preguntas. Iremos ao apartado preguntas na parte esquerda do noso curso.



Unha vez ahí o primeiro que fixemos foi facer unha nova categoría para ter as preguntas organizadas.



Despois o que fixemos foi comezar a crear as preguntas. **Existen diferentes tipos de preguntas posibles:**

Escolla...  
Calculada  
Descrición  
Ensaio  
Emparejamiento  
Respuestas anidadas (Cloze)  
Opción múltiple  
Respuesta corta  
Numérica  
Pregunta de emparejamiento de respuesta corta aleatoria  
Verdadeiro/Falso

**Calculada:** matemática coa posibilidade de incluír fórmulas.

**Descrición:** Non é un tipo de pregunta. Só serve para mostrar texto.

**Ensaio:** Tipo de pregunta de desenrolar. É

o único tipo de pregunta que temos que correxir nos.

**Emparellamento:** Trátase de unir conceptos.

**Opción Múltiple:** Neste caso propoñemos unha pregunta e damos as respostas posible. Poden ter que seleccionar unha ou varias opcións.

**Resposta Curta:** É un tipo de pregunta na que os alumnos teñen que responder cunha ou varias palabras pero temos que ser moi concretos á hora de preguntar porque si se equivocan nunha sola palabra a resposta será dada por mala.

**Numérica:** Preguntas con resposta numérica básica. Podemos darlle unha marxe de erro.

**Verdadeiro/Falso:** Pregunta típica de resposta verdadeiro ou falso.

Tamén vimos as diferentes tipos de tarefas:

**Tareas**  
Actualización avanzada de ficheiros  
Texto en liña  
Actualización dun só ficheiro  
Actividade fóra de liña

**Texto en liña:** Para propoñer actividades nas que os alumnos teñan que redactar un texto.

**Actualización dun só ficheiro:** Con esta tarefa podemos propoñer unha actividade na que os alumnos teñan que subir á aula virtual unha foto, vídeo, documento,... e recibilo na nosa aula.

**Actualización avanzada de ficheiros:** O mesmo que no caso anterior pero con múltiples ficheiros.

**Actividade fora de liña:** Só texto, non é unha actividade.